

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 28 de abril de 2017 pola que se convoca a xornada A boa Administración e o dereito administrativo.

Conforme os fins que lle asigna á Escola Galega de Administración Pública a normativa que a regula (Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo),

RESOLVO:

Convocar a seguinte xornada: a boa Administración e o dereito administrativo, de acordo coas bases que se indican a continuación:

1. Obxectivos.

O obxectivo principal desta acción formativa é profundar no estudo do principio e dereito á boa Administración desde unha perspectiva xeral e nalgúns sectores da actividade administrativa, con especial referencia á contratación administrativa.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A proxección da boa Administración e o dereito administrativo contemporáneo.
- A boa Administración e os servizos públicos.
- O dereito á boa Administración na contratación pública.
- A boa Administración e o ambiente.

3. Destinatarios/as.

Persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia e dos entes do sector público autonómico, da Administración de xustiza, das universidades galegas, xuristas, alumnos/as universitarios/as e persoas interesadas en xeral.



4. Desenvolvemento.

Lugar: Universidade da Coruña; Facultade de Dereito; Salón de Graos; Campus de Elviña, s/n. A Coruña.

Data: martes, 16 de maio de 2017.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 7 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Inscrición.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.gal/matricula/>.

O prazo para inscribirse estará aberto desde as 8.00 horas do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.00 horas do día 11 de maio de 2017.

Poderase obter calquera outra información, das 8.30 ás 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41 e 981 54 62 39.

7. Criterios de admisión.

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

8. Publicación da listaxe de persoas admitidas.

A listaxe de persoas seleccionadas publicarase na páxina web da EGAP, na epígrafe correspondente a esta xornada (<http://egap.xunta.gal/>).

9. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifícase a súa realización.



10. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada expedirase un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula/>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluirá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización da xornada, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: uuqhalu7-o3u6-ujjb5-r0v2-y7ilbzmo7yu3



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>